



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 21

OUTUBRO 2021

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Schubertiada

Delyana Lazarova Directora

Beatriz López Clarinete





PROGRAMA

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Abertura de Cossí fan tutte, KV. 588

DOBRINKA TABAKOVA (1980)

Fantasia homenaxe a Schubert (Estrea en España)

CARL MARIA VON WEBER (1786-1826)

Concerto para clarinete núm. 2 en Mi bemol maior, op. 74

Allegro

Romanza: Andante

Alla polacca

Beatriz López, clarinete

FRANZ SCHUBERT (1797-1828)

Sinfonía núm. 5 en Si bemol maior, D. 485

Allegro

Andante con moto

Menuetto: Allegro molto

Allegro vivace

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 10 minutos (sen pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Ildikó Oltai
Michal Ryczel
Yulia Petrushevskaya
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Claudio Guridi

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Helena Sengelow
Gyula Vadaszi
Anna Alexandrova

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Oxana Bakulina
Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Thomas Piel
Carlos García
Ailsa Lewin

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luís Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Virginia Lis (R)
Emilio Alonso (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Jordi Ortega *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Ramón Llátser *
Ana Pazos (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Delyana Lazarova

Directora

Como gañadora do primeiro premio na Siemens Hallé International Conductors Competition 2020, foi nomeada Directora Asistente de Sir Mark Elder na Hallé Symphony Orchestra e Directora Musical da Hallé Youth Orchestra en Manchester. Tamén gañou o Concurso Internacional de Dirección NRTA en Tirana (2019), recibiu o Premio de Dirección James Conlon no Festival de Música de Aspen e obtivo a Bolsa de Dirección Bruno Walter no Festival de Cabrillo (California) en 2017 e 2018. Así mesmo, foi unha das doce candidatas seleccionadas para a primeira edición do Concurso Internacional de Dirección para mulleres “A Mestra”, que tivo lugar en París en 2020.

Delyana Lazarova ten traballado con orquestras en Europa e América do Norte, entre as que se atopan a London Classical Soloists en Inglaterra, a Südwestdeutsches Philharmonie Konstanz e a orquestra do Teatro de Meiningen en Alemaña, a Filharmónica Janáček de Ostrava e a Hradec Philharmonic Orchestra na República Checa, Orquestra de Cámara St. Christofer en Lituania, Sinfónica de Salónica en Grecia, Orquestra da Radiotelevisión de Albania, Filharmónica de Olten en Turquía, Sinfónica de Pazardjik e Sofía Sinfonietta en Bulgaria, Orquestra do Festival de Estonia, e Orquestra do Festival Mahler de Colorado

e Orquestra da Academia de Dirección de Aspen nos Estados Unidos.

Na temporada 2020/2021 dirixiu a Orquestra Hallé en Inglaterra, Il Solisti Aquilani en Italia, Orquestra da Radio Húngara en Budapest, Orquestra da Radio Nacional Búlgara en Sofía e o Collegium Musicum Basel en Suíza. Debutou en ópera nunha produción de *Nabucco* de Verdi no Teatro Tyl de Plzeň (República Checa). E regresou cunha bolsa de dirección ao Festival de Aspen nos Estados Unidos.

Ten un Máster en Dirección pola Escola Superior das Artes de Zúric (ZHdK), onde estudou co profesor Johannes Schlaefli. Así mesmo, ten traballado e recibido clases maxistras de Bernard Haitink, Paavo Järvi, Leonard Slatkin, Mathias Pintscher, Robert Spano, Larry Rachleff e Mark Stringer. Recentemente asistiu a Cristian Măcelaru nun concerto coa Orquestra Sinfónica WDR en Colonia (Alemaña), no que se interpretou o concerto para violoncello *Three Continents* de Nico Muhli, Sven Helbig e Zhou Long.

Lazarova cursou ademais un Máster en Interpretación de Violín na Escola de Música Jacobs (Universidade de Indiana), onde estudou co profesor Mauricio Fuks e recibiu unha bolsa especial á excelencia artística.

Beatriz López

Clarinete

Formouse na Universidade Mozarteum de Salzburgo con Alois Brandhofer (exsolista da Filharmónica de Berlín) e Cordelia Höfer-Teusch en música de cámara. Alumna de J. V. Herrera, ten recibido ademais valiosos consellos de A. Prinz, A. Marriner, R. Wieser, K. Thunemann, R. Vlatkovic, J. Zoon e H. Schellenberger, entre outros.

Gañadora de diversos concursos na especialidade de clarinete e música de cámara en España, Italia e Austria, no ano 2004 funda o Pamina Trío, co que realiza diversas xiras por Europa e Xapón e en 2006 publican o seu primeiro disco co selo La má de Guido. Colabora ademais con orquestras como a Mozarteum de Salzburgo, Orquesta de Valencia, Orquesta de RTVE, Oviedo Filarmonía ou Sinfónica de Galicia; baixo a batuta de directores como Ivor Bolton, Mark Wigglesworth, Dennis Runnicles ou Hans Graf, entre outros. Na actualidade é clarinete principal da Real Filharmonía de Galicia e membro desde a súa formación do Airas Ensemble.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Così fan tutte, abertura, K 588

Così fan tutte ossia La scuola degli amanti (Así fan todas ou A escola dos amantes) foi a última ópera da triloxía resultante da colaboración de Mozart co dramaturgo Lorenzo da Ponte, culminación do que ambos chamaron *dramma giocoso*, un xénero híbrido integrado por teatro serio e a burla asociada á ópera *buffa*. A peza, un encargo do emperador Xosé II tras o éxito dunha reposición d'*As vodas de Figaro* en Viena no verán de 1789, toma o título dunha cita desa ópera sobre un motivo melódico que o personaxe Basilio canta no terceto 'Cosa sento' do primeiro acto. A partitura orixinal reflicte un traballo apresurado, posiblemente temendo que a fráxil saúde do emperador, paralizara o proxecto. A obra puido estrearse no Burgtheater vienés o 26 de xaneiro de 1790 pero o falecemento de Xosé II o 20 de febreiro, co conseguente peche dos teatros, deixou en cinco as representacións de *Così fan tutte*. No verán seguinte, volveu aos escenarios sen moito éxito debido á polémica cuestión da inmoralidade dunha trama, sobre os enredos de dúas parellas de namorados, enmarcada na infidelidade, na vaidade masculina e na veleidade feminina, que tamén fixo que a ópera fose pouco representada aínda que, supostamente, foi o emperador quen suxeriu a historia nun momento no que na alta sociedade vienesa se producían situacións similares. A abertura de *Così*

fan tutte é a parte máis irónica da obra, comeza cunha breve introdución lenta que dá paso a un efervescente presto e o corpo componse dun material intenso nas cordas, complementado coas madeiras e acentuado por fanfarras. A diferenza de moitas aberturas de ópera, especialmente as posteriores de Rossini e Wagner, esta non contén case ningún material melódico da ópera. A única excepción son os acordes, propios dun exercicio de harmonía, utilizados para terminar a introdución do *Andante*; acordes da aria de Don Alfonso 'Tutti accusan le donne' que aparecen case ao final da ópera, mentres se canta 'Così fan tutte!'.

Dobrinka Tabakova (1980)

Fantasia homenaxe a Schubert

A música da compositora búlgara Dobrinka Tabakova é “emocionante e fondamente conmovedora” (Washington Times), con “harmonías de tons brillantes e grandes xestos que transmiten unha gran profundidade emocional” (The Strad). Instalada en Londres, graduouse na Guildhall School of Music & Drama, doutorouse en composición no King’s College London e recibiu encargos da Royal Philharmonic Society, BBC Radio 3 e a European Broadcasting Union, sendo o seu álbum debut, *String Paths* para ECM Records, nomeado para un Grammy en 2014. En 2017, foi Compositora Residente da BBC Concert Orchestra. A súa música apareceu en películas (*Adieu au langage* de Jean-Luc Godard), danza (Sydney Dance Company / Rafael Bonachela Anima) e en festivais internacionais como Schleswig-Holstein e outros en Moscova, Reino Unido, Letonia e Islandia, nos que interpretan as súas obras artistas como o violista e director Maxim Rysanov, a Amsterdam Sinfonietta, Gidon Kremer e Janine Jansen, o DJ irlandés John Kell e a Organización Sorel. Acadou premios no Concurso Internacional de Música de Viena; Queen’s Golden Jubilee, Premio de Composición Lutoslawski GSMD e Premio Adam del King’s College de Londres. Os seus últimos proxectos inclúen *Immortal Shakespeare*, unha cantata para o aniversario de Shakespeare

en 2016, *The High Line* para orquestra inspirada no parque de Nova York no ceo, a colaboración cinematográfica na UK New Music Biennial film collaboration PULSE, unha longa residencia na Catedral de Truro e unha residencia na Orquestra de MDR de Leipzig. A súa *Fantasia homenaxe a Schubert*, nomeada pola Radio Nacional de Bulgaria, foi seleccionada na Rostrum Internacional de Compositores 2014 en Helsinki. Data de 2013 e está inspirada na melodía inicial da *Fantasia en do maior para violín e piano* de Schubert e resulta, en esencia, un poema tonal curto pero belamente descritivo para cordas, con breves intervencións da viola solista.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Carl Maria von Weber (1786-1826)

Concerto para clarinete no 2 en Mi bemol maior, op. 74

Como varios compositores da época, Weber pasou algúns anos viaxando dunha cidade a outra, ocupando diversos cargos musicais. En 1804, foi nomeado director musical en Breslau, dous anos despois converteuse en director musical da corte do duque de Württemberg e máis tarde, exerceu como secretario do príncipe Luís e mestre de música das súas fillas, en Stuttgart. En 1811, chega a Múnic, con boa reputación como pianista e compositor o que fixo que as institucións musicais da cidade recibíranlo con moito respecto. Na capital bávara, existía unha orquestra de calidade ao servizo da corte, o que significaba que Weber tería ao seu dispor un bo conxunto instrumental para os seus experimentos musicais e aos mellores instrumentistas para comporlles obras dedicadas especialmente, o que chegou ser unha carga como explica nunha carta ao seu amigo Gottfried Weber: "Toda a orquestra parece posuída polo demo. Cada un quere que lle compoña un concerto para o seu instrumento..." . Aínda que, finalmente, Weber non escribiu concertos para todos os solistas, si destaca o seu repertorio concertante para fagot, trompa, frauta e tamén, a excelente música que compuxo para Heinrich Joseph Bärmann a quen coñeceu nunha viaxe a Darmstadt, para visitar ao seu mestre o abade Vogler. A habilidade técnica, a afinación, os

registros baixos, o fraseo e o legato nas interpretacións do clarinetista impresionaron a Weber, quen compuxo o *Concertino en Do menor* op. 26, unha peza para o lucimento de Bärmann. A peza, estreada en abril de 1811, tivo tanto éxito que o rei Maximiliano I, inmediatamente, encargou outros dous concertos que interpretou nas súas estreas o propio Bärmann: o op. 73, en xuño e o *Concerto núm. 2 en Mi bemol maior*, presentado en novembro. Este último, op. 74, contén tres movementos contrastantes que poden lembrar aos diferentes actos dunha ópera, xénero co que Weber mantiña unha estreita relación. Tras unha exposición dos temas por parte da orquestra, o primeiro movemento en forma de sonata tradicional ergue o pano cunha entrada dramática do clarinete que predí a forza coa que se desenvolverán os motivos do primeiro tema. A continuación, como se tratara doutros personaxes, aparecen motivos con carácter de *scherzo* que aportan cores e contrastes. A pesar da indicación de *Romanza*, a misteriosa abertura da corda no segundo movemento asalta o virtuosismo e a brillantez do *Allegro*, desaparece o carácter luminoso anterior e asoma o carácter distintivo de Weber e a súa grandeza como compositor operístico, podendo imaxinar unha aria cantada polo clarinete. Para rematar, unha danza *alla polacca*, un rondó con ritmo de polonesa no que a súa natureza ousada, incluso festiva, descobre o virtuosismo que o compositor agarda do solista despregando o brillo e a relevancia propios dun final.

Franz Schubert (1797 - 1828)

Sinfonía núm 5 en Si bemol maior, D 485

Schubert remata, en outubro de 1816, a súa *Quinta Sinfonía* tras unhas poucas semanas de traballo nun dos períodos compositivos máis frutíferos da súa vida a pesar dos seus 19 anos. O compositor volve, nesta feliz partitura, á utilización de efectivos orquestrais modestos -sen clarinetes, trompetas e timbais- facendo alarde de rigor e sinxeleza na forma malia que a inspiración da que gozaba non correspondía a unha época moi ditosa no persoal pois, desexaba dedicarse á música profesionalmente mais traballaba como mestre na escola que o seu pai dirixía nos arredores de Viena. A *Sinfonía núm. 5* supón unha das últimas obras de xuventude do compositor, quen puido escoitala concluída nun concerto privado no Schottenhof de Viena nos atrás dunha orquestra afeccionada na que el tocaba a viola e Otto Hatwig levaba a batuta. Segundo o catalogador da súa obra, Eric Deutsch, a sinfonía foi interpretada por primeira vez en 1873 no Crystal Palace londiniense aínda que noutros tratados musicais aparece como data de estrea outubro de 1841, coa dirección Michael Leitermeyer en Viena, en calquera caso, Schubert nunca chegou a escoitala no ámbito público. A pesar da clara influencia de Mozart, a partitura xa amosa o dominio da estrutura da sinfonía clásica, das técnicas compositivas vienasas e un carácter entrañable, íntimo e soñador,

que reflicte a gracia xuvenil de Franz pero manifestando os trazos do seu estilo que van cobrando forma tales como a beleza melódica, o equilibrio da instrumentación ou a habilidade contrapuntística. O *Allegro*, de forma clásica, caracterízase pola ausencia dos compases lentos no inicio que serven como introdución. Schubert domina a forma sonata e engade o seu propio tratamento instrumental que diferencia cordas e vento madeira. No segundo movemento, emerxe unha dozura expresiva con inesperadas modulacións na parte central cara ao vigor gozoso do *Minueto*, onde se respiran efusivos aires de danza nun fluído discurso que desemboca nun *Allegro vivace* final de natureza xocosa e enérxica, desenvolvendo un animado xogo entre as diferentes familias instrumentais que leva a unha exultante conclusión.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 28 de outubro, 20:30 h

OS CAMIÑOS DO AMOR

CICLO DE LIED

Catherine Trottmann, soprano

Maciej Pikulski, piano

M. Ravel: Cinq mélodies populaires grecques

M. Ravel: Vocalise en forme de habanera

L. Delibes: Les filles de Cadix

C. Debussy: Ariettes Oubliées (extractos)

C. Debussy: Mandoline

C. Debussy: L'année en vain (Récit et Air de Lia, de O fillo pródigo)

E. Chausson: Le colibri

E. Chausson: Chanson perpétuelle

F. Poulenc: Banalités (extractos)

F. Poulenc: Les chemins de l'amour

Xoves 4 de novembro, 20:30 h

MÚSICOS ERRANTES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Marc-Leroy Calatayud, director

Esteban Batallán, trompeta

R. Strauss: Ariadna en Naxos:

Abertura e Danza

F. J. Haydn: Concerto de trompeta
en Mi bemol maior, Hob.VIle

E. Batallán: Nightfall

R. Strauss: Intermezzo, TrV 246, op. 72:
Catro interludios sinfónicos, TrV 246a

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Marc-Leroy Calatayud e Esteban Batallán



**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

